MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA SEGUNDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E LENDA EDUCATIVA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA, PARA POSIBILITAR O USO DO SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR DO ALUMNADO CON DISCAPACIDADE AO CEEPR LENDA EDUCATIVA

I.-ANTECEDENTES

Segundo o establecido no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes. (DOG núm. 101 do 27.05.2024) a Dirección Xeral de Mobilidade asumiu as funcións de planificación e prestación dos servizos de transporte a escolares con dereito a transporte escolar gratuíto no ámbito das competencias da Administración xeral da Comunidade Autónoma.

Dentro do colectivo escolar galego existe un conxunto de alumnos con distintos tipos de discapacidades que, requirindo ser transportados para asegurar a súa escolarización, precisan nos seus traslados diarios dunha atención específica e personalizada de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares.

Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten como fin estatutario a educación e as actividades educativas así como a asistencia en establecementos residenciais para persoas con discapacidade.

Esta entidade atópase coa necesidade de dar traslado a unha parte do alumnado con discapacidade, que non pode trasladarse doutra maneira, desde os seus domicilios ao CEEPR Lenda Educativa .
Os referidos traslados cobren os requirimentos esixidos para este específico colectivo de escolares, xa que estas entidades poderán utilizar vehículos propios adaptados e ofrecer coidadores especializados e, así mesmo, adáptasen ás necesidades horarias dos alumnos.

Tamén poderán prestar o servizo a través de empresas especializadas no transporte de viaxeiros, que garantan os mesmos requirimentos de material móbil e coidadores especializados.

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta1ª
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 581
mobilidade.cim@xunta.gal
https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/portada

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: gyezWyEEvkb1 https://sede.xunta.gal/cve

Polo tanto, e vista a confluencia de intereses das partes mencionadas, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega asinaron un convenio de colaboración, con data do 11 de setembro de 2024, para posibilitar o desprazamento do alumnado con discapacidade dende os seus domicilios ao CEEPR Lenda Educativa durante o curso 2024/2025, como fórmula de cooperación idónea que garanta o acceso ao ensino destes escolares con discapacidade, mediante o seu efectivo traslado aos centros educativos nas mellores condicións e cos requirimentos que as súas circunstancias persoais demandan.

Con data do 28 de xullo de 2025, a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e Lenda Educativa, Sociedade Cooperativa Galega asinaron unha addenda ao convenio de colaboración durante o curso escolar 2025/2026, para estender a súa vixencia para o curso 2025/2026 e incrementar dúas novas rutas, como consecuencia de aparición de novo alumnado con dereito a transporte escolar: ruta 4-Cerceda e ruta 5-Santa Comba.

II.-RAZÓNS DE OPORTUNIDADE

Constatada a vixencia de necesidades de transporte específico para o alumnado con discapacidade escolarizado no CEEPR Lenda Educativa para o vindeiro curso escolar 2026/2027, e o cumprimento dos obxectivos perseguidos co convenio de colaboración asinado o 11 de setembro de 2024, de acordo coa cláusula décimo terceira, procede estender a vixencia do seu obxecto mediante o asinamento desta segunda addenda durante o curso escolar 2026/2027, incrementar días de transporte en dúas rutas: ruta 1-Cee e ruta 5-Santa Comba, polo aumento de días de escolarización, e aumento de quilometraxe nunha ruta: ruta 4-Tordoia-Laracha, pola aparición de novo alumnado con dereito a transporte escolar, que figuran na memoria de detalle do servizo e na memoria de gastos da entidade, anexa a esta.

III.- OBXECTIVOS PERSEGUIDOS

A finalidade principal perseguida é prestar aos alumnos con discapacidade un desprazamento aos centros escolares adaptado ás súas necesidades, garantindo así o seu dereito de acceder á ensinanza en igualdade de condicións que o resto de nenos en idade escolar.

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: gyezWyEEvkb1 https://sede.xunta.gal/cve

IV.- CUSTO ECONÓMICO

A colaboración económica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes suporá o abono do custo total polos gastos de persoal de condución e vixiancia, e polos gastos dos vehículos precisos derivados do transporte adaptado facilitado por Lenda Educativa,Sociedade Cooperativa Galega, cifrándose nun máximo de 205.697,02 €, dos que 82.170,89 € se financiarán con cargo á aplicación orzamentaria 05.08.423A.223.08 dos orzamentos xerais de gastos da Comunidade Autónoma para o ano 2026 e 123.526,13 € con cargo á mesma aplicación do ano 2027.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

A directora xeral de Mobilidade

Judit Fontela Baró

Asinado por: FONTELA BARO, JUDIT
Cargo: Directora Xeral
Data e hora: 27/05/2026 16:11:28

Complexo Administrativo San Caetano
Edificio número 5, planta1ª
15781 Santiago de Compostela
T. 981 544 581
mobilidade.cim@xunta.gal
https://conselleriadepresidencia.xunta.gal/portada

As copias en papel deste documento teñen condición de copia e serán verificables a través deste código.
CVE: gyezWyEEvkb1 https://sede.xunta.gal/cve